

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 15 de marzo de 2023 pola que se nomea persoal funcionario de carreira da escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, en virtude de probas selectivas pola quenda de acceso libre.

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola Resolución reitoral do 24 de novembro de 2021 (DOG do 10 de decembro), para ingreso na escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, da Universidade de Santiago de Compostela (USC), pola quenda de acceso libre, e comprobado que as persoas seleccionadas reúnen os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta efectuada polo tribunal cualificador e nomear persoal funcionario de carreira da escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, da USC, as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo que se relacionan no anexo desta resolución, e adxudicarlles como destinos os que figuran no mesmo anexo.

Segundo. Para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira, as persoas ás cales se refire o anexo desta resolución deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer

CVE-DOG: bq2orw17-pro0-5im9-aw10-oy3ts7sz0y8



o recurso contencioso-administrativo mencionado mentres non se dite resolución expresa ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: bq2orw17-pro0-5im9-aw10-oy3ts7sxz0y8





ANEXO

Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos da USC

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Código	Denominación e unidade de adscrición do posto	Subgrupo	Nivel	Quenda	Campus	Observacións
1	***6696**	Cabezal Gómez, María Lucía	PF000458	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Xerencia	C1	17	Tarde	Santiago de Compostela	
2	***0004**	Gómez Serrapio, Cristina Isabel	PF000395	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Negociados Biblioteca Xeral	C1	17	Tarde	Santiago de Compostela	
3	***0836**	Pérez Santos, Raquel	PF000499	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal	C1	17	Tarde	Santiago de Compostela	
4	***6975**	Rey Tiago, Francisco Javier	PF000943	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Xerencia	C1	17	Tarde	Santiago de Compostela	
5	***9007**	Troncoso Pereira, Óscar	PF000514	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Intercentros Campus de Lugo	C1	17	Tempo completo	Lugo	Sábados, domingos e festivos, das 10.00 ás 19.30 horas
6	***8693**	López Neira, Pedro	PF000435	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade Psicoloxía/ Facultade Ciencias da Educación	C1	17	Tarde	Santiago de Compostela	
7	***3379**	Villar Lemos, Cristina	PF000471	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade de Xeografía e Historia/Facultade de Filosofía	C1	17	Tarde	Santiago de Compostela	
8	***1623**	Paz Abelleira, Lorena	PF000485	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Intercentros Campus de Lugo	C1	17	Tarde	Lugo	
9	***5682**	Botana Meijide, María Begoña	PF000491	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Intercentros Campus de Lugo	C1	17	Tarde	Lugo	
10	***2020**	Galdo Leonardo, Juan	PF000495	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Intercentros Campus de Lugo	C1	17	Tarde	Lugo	